

## SOLICITUDES DE AXUDA Á ESCOLARIZACIÓN

<b>DATOS DO/A SOLICITANTE</b>	Nome e apelidos		DNI
	Enderezo		Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2

<b>MENORES</b>	NOME E APELIDOS	CENTRO DE ENSINO	CURSO

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Personal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido á Concellería de Benestar Social do Concello de Ferrol.*

<b>DATA E SINATURA</b>	Data da solicitude	Sinatura do/a solicitante

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Pai e nai non separados legalmente, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e fillos empadroados que residan no domicilio familiar.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar considerarase o pai, nai e todos os descendentes e ascendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior.
- Familia monoparental, unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, sempre que o/a outro/a proxenitor/a non contribúa economicamente ao sustento do menor.
- No caso se separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.
- No suposto de acollemento o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores o destinatario da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenxa xudicial. Non se considerará membro computable aquel que non conviva co beneficiario da bolsa. Considerase membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación. As rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

**Modelo normalizado de solicitude** completamente cuberto no que se especificará o nome do/a dos/as menor/es, o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa de axuda (anexo I).

**Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor** da persoa solicitante.

**Fotocopia completa do libro de familia.**

**Declaración responsable segundo o anexo II**, así coma comunicar calquer variación sobrevida durante o prazo de presentación das solicitudes.

**Fotocopia da última declaración do IRPF** correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar maiores de 18 anos. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda ou autorizar a o Concello de Ferrol á consulta deses datos segundo modelo autorizado (Anexo III) asinado por todos os integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos.

**Informe da vida laboral completo e actualizado** da Tesourería da Seguridade Social, ou organismo que corresponda. No caso de telo solicitado presentárase a copia do xustificante da mencionada solicitude e o informe achegarase á solicitude en canto sexa emitido e recibido.

**En caso de separación ou divorcio legal**, copia da sentenza e do convenio regulador.

En situacións de **non pagamento**, copia da solicitude da execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

**En caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos**, copia da sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza.

En situacións de **impago** copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

De non presentar a dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

**Acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial**, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía da remuneración.

**Xustificantes de ingresos**

**Traballadores/as en activo por conta allea.**

Fotocopia das **tres** últimas nóminas.

**Traballadores/as en activo autónomos**

Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF anual e o IVE trimestral, para empresarios ou profesionais libres, para empresarios ou profesionais.

**Pensionistas:**

Xustificante da pensión/s mensual (INSS, ISM, clases pasivas, outros), no suposto de ser pensionista.

**Demandantes de emprego con prestación/subsidio**

Certificado de prestacións do INEM dos **últimos 6 meses**, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido dos demandantes de emprego sen prestación e certificado negativo do INEM no caso de non ser beneficiario/a.

**Demandantes de emprego sen prestación económica**

Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.

**Perceptores/as de RISGA**

Deberán asinar todos os membros da unidade maiores de 18 anos a declaración responsable (Anexo III) así como comunicar calquer variación sobrevida durante o praxo de presentación de solicitudes.

**Acollemento familiar remunerado.**

Xustificante da contía mensual da prestación, ademais doutros ingresos da unidade familiar. Neste suposto o/a destinatario/a da bolsa de axuda será a persoa ou persoas que teñan resolución administrativa ou auto xudicial desta.

**Salario da liberdade**

Xustificante da contía mensual da prestación.

**Perceptores de pensión de orfandade**

Xustificante do organismo competente no que figure a contía mensual da prestación económica percibida.

**Perceptores de libranzas económicas para coidados no contorno familiar**

Xustificante no que figure a contía mensual emitida polo organismo competente.

**Cando non sexa posible achegar a documentación requirida por razóns alleas ao solicitante:** Declaración responsable En ningún caso esta declaración responsable substituirá a documentos de obrigada presentación e que deban obrar en poder dos solicitantes.

**No caso de Bacharelato, FP Básica e FP Media**, debe presentarse xustificante de formalización da matrícula no momento de recoller o vale correspondente á axuda.

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/dona .....

Con DNI .....

#### DECLARO

1. Que acepta as bases da convocatoria na súa integridade, cumpre os requisitos esixidos por esta e son certos todos os datos que constan na solicitude.
2. Que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración municipal
3. Que non está incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Ferrol,

O/A interesado/a

## ANEXO III

### AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN

1.- AUTORIZO PARA QUE O CONCELLO DE FERROL SOLICITE E OBTEÑA DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

2.- AUTORIZO QUE SE REALICEN AS VERIFICACIÓNS E AS CONSULTAS A FICHEIROS PÚBLICOS NECESARIOS PARA ACREDITAR OS DATOS DECLARADOS COS QUE CONSTEN EN PODER DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN CON SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

O/A interesado/a